



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 26 de xuño de 2025, á vista das solicitudes de inclusión formuladas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica das áreas sanitarias de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, e A Coruña e Cee, CONSIDERA PERTINENTE, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do seguinte medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

ROXADUSTAT

na indicación de anemia asociada a enfermidade renal crónica en pacientes adultos cando se cumpran os seguintes criterios:

- non dependentes de diálise
- que inicien tratamento para a anemia
- que presenten anemia sintomática con nivel de Hb < 10 g/dL
- que presenten contraindicación para o uso dos axentes estimulantes de eritropoese (AEE) ou imposibilidade adxectivable para utilizar a vía subcutánea (coagulopatías, edema, mala perfusión do tecido subcutáneo, reaccións locais ou infeccións no lugar de inxección..)

Consideracións adicionais:

- Non usar en pacientes:
 - dependentes de diálise,
 - en tratamento estable con AEE ben controlados,
 - non respondedores a AEE
- Corrixir posibles deficiencias de ferro, ácido fólico e vitamina B12 antes do inicio do tratamento.
- Contraindicado no terceiro trimestre do embarazo e no período de lactación.
- En pacientes con antecedentes de convulsións ou risco de eventos vasculares trombóticos, debe valorarse a relación beneficio-risco de maneira individualizada antes da súa prescrición.
- Non se dispón de evidencia en pacientes que iniciaron tratamento con Roxadustat e posteriormente son sometidos a diálise.
- Valorar a suspensión do tratamento se en 24 semanas non se alcanza unha Hb obxectivo de 10-12 g/dL ou se constata unha falta de adherencia terapéutica.

Esta resolución e comunicada, nesta data, a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital na marxe)

Xerente da Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde